



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



BASES PARA O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE CERDIDO, PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

Por Decreto de Alcaldía 214/2025 de data 21/10/2025 e publicada na Sede Electrónica do Concello de Cerdido, formouse a bolsa de auxiliares SAF deste Concello. Co obxecto de poder cubrir as vacacións das auxiliares, contactouse coas persoas candidatas que forman parte da mesma, pero non foi posible a contratación de ningunha.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de auxiliares de axuda no fogar.

A contratación será de carácter laboral e temporal, na modalidade establecida segundo a reforma laboral, a xornada completa polo período necesario para cubrir o período de vacación das auxiliares deste Concello. Nos contratos se establece un período de proba de quince días a contar dende o inicio do mesmo.

A selección efectuarase tamén mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego de As Pontes.

O sistema de selección será o de concurso, cunha fase de valoración de méritos, se ben se lle vai realizar unha proba de aptitude sobre coñecementos do idioma galego aos/as participantes que non poidan acreditar o nivel de Celga para poder participar no procedemento.

As funcións a desempeñar serán as propias do posto de traballo ofertado: **ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO**. O posto de traballo exige dispoñibilidade horaria e flexibilidade, dispoñibilidade de vehículo e permiso de conducir.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

O anuncio da Convocatoria do procedemento de selección, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Cerdido.

As presentes bases estarán expostas ao público nas oficinas da Casa Consistorial do Concello, e máis na páxina web oficial do Concello da Cerdido, na súa sede electrónica, sede.cerdido.es durante o prazo que perdure o procedemento motivo das mesmas.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e o taboleiro de anuncios da páxina web oficial do Concello da Cerdido, sito na sede electrónica, serán os principais medios para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Requisitos específicos:

- Poden concorrer no procedemento as persoas participantes que posúan a titulación correspondente ou estean en codicións de obtela.
- Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Para o procedemento de selección é precisa a titulación oficial específica e acreditar un nivel de coñecementos do idioma galego acorde coa ocupación, ben por medio do certificado acreditativo do mesmo, ou ben por medio da superación dunha proba de coñecementos do idioma galego na que ten que ser declarado apto.

CUARTA – DOCUMENTACIÓN.

- Solicitude de participación no procedemento (Anexo I)
- Titulación oficial específica.
- Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Anexo de Relación Numerada de Méritos (Anexo II) e documentación que alega para a ocupación do posto de traballo, orixinal ou compulsada, de cada un deles.
- Acreditación do nivel de Celga do aspirante no caso de poder validar a proba de aptitude de galego.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no período de presentación da documentación.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do procedemento de concurso.

Se o Concello da Cerdido dispón dalgún documento que sexa de utilidade para os/as aspirantes participantes no procedemento, ben de oficio ou actuando por petición dos aspirantes, seralles facilitado para o procedemento.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar no procedemento, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros: Un/ha presidente/a, un/ ha secretario/a, e tres vogais.

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación académica ca esixida aos/ás aspirantes sobre as prazas convocadas.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



O Tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do Tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do Tribunal determinada polo Alcalde, facéndose pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

SEXTA – FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN.

O prazo para a entrega da documentación correspondente ao procedemento (solicitud de participación, anexos, fotocopia do DNI, documentación xustificativa dos méritos, así como da acreditación de nivel de Celga se o houber) será de tres días hábiles a partires da publicación no taboleiro de anuncios do Concello, tendo que presentar devandita documentación no Rexistro Municipal, en calquera das formas admitidas segundo a lexislación vixente. Finalizado o prazo para a presentación de documentación, non se admitirá a entrega de ningún documento relacionado coa valoración de méritos, nin con outra fase do procedemento.

Unha vez rematado o período de presentación de instancias, conformarase a listaxe de admitidos/as de carácter provisional e disporáse, de ser o caso, dun prazo de tres días para presentar alegacións á mesma.

Unha vez transcorrido o período de presentación da documentación de todos os/as candidatos/as, se emitirá a listaxe definitiva de aspirantes, comunicándose no mesmo anuncio o cronograma das fases a realizar no procedemento.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



As fases do procedemento son as expostas a continuación:

A. VALORACIÓN DE MÉRITOS

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

A) Por Cursos e/ou Formación en materias relacionadas coas funcións propias da praza. A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos. Valoraranse os cursos impartidos por calquera organismo competente relacionados coa praza á que aspira:

-Por ser dunha duración igual a 5 horas e inferior a 10 horas: 0,05 puntos.

-Por cada 10 horas lectivas, 0,10 puntos.

Non se valorará a formación inferior a 5 horas lectivas. Se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais e/ou entidades privadas debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso, non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias ou outras institucións privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Neste apartado, inclúense como puntuables os cursos de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios. Non se valorarán os cursos que se consideren repetidos por teren un contido substancialmente igual, valorándose nestes últimos casos só o de máis duración ou nivel.

Non se valorará a formación académica regrada, atendendo como tal titulacións, como, por exemplo, título de EXB, ESO, podéndose valorar formación regrada se está asociada ás labores que van a desempeñar durante o período de contratación. Non se valorarán cursos de idiomas nin acreditacións de niveis de Celga.

B) Experiencia Profesional

- Por cada mes de traballo en posto obxecto da praza ou similar: 0,10 puntos por mes completo, ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán as fraccións de mes e se computará por mes traballado a xornada completa. No caso de ser contratos a xornada parcial, se realizara o cálculo proporcional para transformar as horas traballadas a xornada completa. A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos. Deberán presentarse para a acreditación destes méritos copias dos contratos, ou documentos de valor probatorio onde se inclúa a ocupación, xornada, tempo e datos do contratante. Xunto con esa documentación se deberá entregar obrigatoriamente unha vida laboral actualizada.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



C) Circunstancias persoais: valoraranse diferentes aspectos que se teñen que ter en conta no procedemento de selección:

1. Antigüidade como desempregado/a: máximo 1,50 puntos, en razón de 0,05 puntos por cada mes en situación de desemprego. Acreditarase mediante certificado de períodos de inscrición emitido pola Oficina de Emprego, ou outra documentación de valor probatorio.
2. Condición de discapacidade superior ou igual ao 33% pero que non lle impida realizar as actividades laborais motivo das bases: 0,50 puntos.
3. Existencia de responsabilidades familiares cun máximo de 1 punto, e entendéndose por estas, ter a cargo da persoa desempregada e sen percibir ningún tipos de ingresos: o/a cónxuxe, fillo/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as. Valorarase, 0,25 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental.

Os méritos incluídos neste apartado deberán xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, xustificante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades.

4. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego: 1 punto.

Acreditarase mediante certificados de pensións, certificados da Oficina de Emprego, ou documento que acrediten a existencia ou non da prestación.

5. Persoas candidatas integrantes de colectivos en risco de exclusión social, incluídos os beneficiarios de renda de integración social de Galicia: 0.50 puntos

Este apartado xustificarse con documentación válida que confirme esta condición.

6. Persoas trans. 0.50 puntos.

A suma total do apartado C) Circunstancias persoais en ningún caso pode superar os cinco puntos.

B. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Esta proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba escrita na que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. A valoración do exercicio será de apto ou non apto, sendo preciso para superar esta proba ser declarado APTO.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal a posesión do CELGA axeitado, ou de nivel superior, en función da titulación requirida para o acceso



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



ás probas, que, segundo o disposto na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, que, para esta ocupación equivale a un Celga 2.

O documento acreditativo do Celga se entregará conxuntamente coa documentación para participar no procedemento.

Rematada a fase de valoración de méritos, e realizada a proba de coñecementos de lingua Galega, o Tribunal calculará a cualificación final, entre os/as participantes que superaran a mesma, emitíndose un anuncio coa listaxe provisional por orde de puntuación de maior a menor e publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello. Se establecerá un período dun día hábil contado a partir do día seguinte ao da publicación das mesmas para a realización das alegacións ou revisións que se estimen oportunas por parte dos/das aspirantes.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que teña maior número de cargas familiares. No caso de persistir devandito empate, o segundo criterio é dar preferencia ao candidato que leve máis tempo (en días computables habendo selado os períodos regularmente) en situación de desemprego. De persistir o empate, se tomará como terceiro criterio un sorteo a realizar polos membros do Tribunal ante os/as candidatos ao posto.

Unha vez finalizado o período de alegacións e/ou revisión das cualificacións, e téndose resolto polo Tribunal no caso de as haber, o Tribunal dará o procedemento de selección por finalizado, establecendo unha listaxe dos/das aspirantes por orde de puntuación de maior a menor e publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello, na sede electrónica, con dirección <https://sede.cerdido.es> No caso de non haber alegacións que resolver, a listaxe e puntuacións de carácter provisional pasa a adquirir o carácter de definitivo.

SÉTIMA – DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.

O Tribunal, á vista dos resultados obtidos, propondrá ao órgano competente a contratación dos/as aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións, sobre a listaxe creada a tal efecto tras os resultados do proceso selectivo

Para a realización dos chamamentos sobre a listaxe de aspirantes en base ás puntuacións finais, unha vez que o persoal competente o estime oportuno, a persoa encargada de tal acto emitirá o informe ou dilixencia para dar constancia do mesmo, e incluíndoo no expediente.

En caso de que un/ha candidato/a, unha vez realizado o chamamento para ocupar o posto, non acceda a ocupar o mesmo, se procederá ao chamamento do/da seguinte candidato por rigorosa orde de puntuación, e así sucesivamente, ata ocupar a praza obxecto do mesmo.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



O acordo que adopte o órgano competente será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpor os recursos previstos na vixente lexislación.

OITAVA – FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Xustificada a documentación sinalada no punto anterior, o acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpor os recursos previstos na vixente lexislación. O contrato será formalizado de acordo coa normativa laboral de aplicación, tendo en conta as especificacións da normativa vixente.

NOVENA. – INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso. O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que se expoñan a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMA. – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de Outubro de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Administración Municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das Resolucións dos Tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015 do día 1 de outubro.

Documento asinado electronicamente



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

**SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL
AUXILIAR DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CERDIDO**

D./D^a con
DNI e con domicilio a efectos de notificacións na rúa ou lugar
de número de
teléfonoe correo electrónico

EXPOÑO

Que tendo coñecemento da convocatoria por este Concello das probas selectivas para realizar
contratacións laborais temporais na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar no proceso.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo e que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- 3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a vixente lexislación.
- 5.- Que dispoño de vehículo para realizar o traballo

SOLICITO:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto ser admitido para tomar parte no proceso selectivo

A presente solicitude acompáñase da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Fotocopia do título acreditativo de coñecemento da lingua galega (CELGA) ou o correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega.
- Fotocopia da documentación dos méritos alegados.
- Informe de vida laboral, fotocopia dos contratos de traballo e/ou certificado de empresa do tempo traballado na mesma categoría.

Cerdido, de de 2026

Asdo.:

